

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 21/06/2016 10:07:45

SAIDA

6712/16

D. Julio Fernández González

E-mail: matarpormatarnon@yahoo.es

Expediente: F.7.Q/15/15

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

Estimado Sr.:

En cumprimento da comunicación remitida a vostede o 20 de maio (R. saída nº 5495/16) en relación co citado expediente de queixa, a Subdirectora xeral de Réxime Xurídico e de Coordinación Administrativa e da Planificación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, remitiunos o informe requirido.

O devandito informe asinado o 13 de xuño, estruturase en tres apartados: antecedentes, consideracións legais e técnicas e conclusións.

En relación con este apartado, a administración autonómica subliña que :

“A Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, na súa exposición de motivos, expresa como un dos obxectivos que han de orientar a ordenación legal da caza, a seguridade na actividade cinexética, non só para os cazadores e cazadoras senón tamén para os demais usuarios e usuarias do monte. Avógase na Lei polo exercicio dunha caza máis responsable, máis sustentable e máis ética. Especial empeño pon a Lei en que a caza se realice en condicións de máxima seguridade para as persoas e os bens. A exigencia de boas prácticas na caza, que aseguren unha caza sen sobresaltos, pasa de ser unha simple recomendación a se converter nunha exigencia formal da Lei.

Considérase que os criterios establecidos na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para clasificar determinadas vías públicas como zonas de seguridade (sinalización), non implican un risco ou ameaza directa para os usuarios en xeral das vías de comunicación, xa que o propio texto legal prevé obrigas xerais en relación co



exercicio da caza por parte dos cazadores, para garantir a necesaria protección e seguridade as persoas e os seus bens.

Conforme ao exposto, é evidente que non é necesario modificar a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, no sentido sinalado polo interesado. As previsións desta Lei poderán ser non só desenvolvidas, senón tamén complementadas, (sen contravir os contidos da dita Lei), por disposicións de rango regulamentario.

Neste sentido, conforme xa se ten indicado a esa Institución, no desenvolvemento regulamentario da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, actualmente en fase de elaboración, teranse en conta os aspectos contidos na súa Recomendación do 16.03.15.”

Con este traslado, esgótase a función de supervisión desta Institución respecto á actuación pública da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en materia de caza e, polo motivado, declárase a conclusión definitiva do expediente de queixa F.7.Q/15/15.

Agradecéndolle a confianza que nos demostrou, reciba un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo